

O TIO MARCOS D' A PORTELA

Public. 182

Os mandamentos d' o MARCOS
fora d' airexa, son seis:
facer á todos xusticia,
non casarse con ninguen,
falar o gallego enxebre,
cumprir c' o que manda a ley,
loitar pol- o noso adianto
con entusiasmo e con fé,
vestir calzós e monteira
per omnia sécula amen.



Teñen os pobos a gala
n- o seu lenguaxe falar:
fálase chino n- a China,
portugués en Portugal,
catalán en Cataluña,
e n- a Alemaña, alemán,
sóilo os gallegos d' agora
hastra vergonza lles dá
falar a melosa e doce
fala que falan seus pais.

PARRAFEOS C' O POBO GALLEGO

Ano sexto

Ourense 19 de Outubro de 1884.

Parrafeo coarenta e nove

O TIO MARCOS PROCESADO.

Pol- a primeira n- a miña vida véxome metido
n- a xusticia.

O alcalde d' o Carballiño saíu co- a sua na-
mentres a causa non vay a Audencia, onde
Dios diante contando co- a ilustracion e reutidade
d' os maxistrados, hase sobreseer o proceso como
outros tantos que n- os tempos que corren s' is-
truíron pra lle dar que facer ós escribaos e pra
causar molestias ós procesados.


Non por esas penso que cain n- a gayola que
m' armou o antigo xastre de Banga, pois como
non son paxaro de conta, nin d' aqueles que
cantan n- a mau, nin d' outra caste, non quedei
preso pol- as patas e pódome remexer.

Como labrego que son, non entendo migalla
de leis, pero leo cando teño vagar os periódicos,
conozo pol- a práctica un pouco de retranqueiras,
e n- o tocantes a revoltas non deixo d' estar en-
teirado.

Calquera fillo de veciño, sin que á nadia se
lle acurra tomalo por inxuria nin cousa que se
lle pareza, pode censurar os feitos d' as autori-
dás, pois non por selo teñen o carauter de in-
violables.

¿Eu que dixeran d' o alcalde d' o Carballiño, e
por qué de min se queixa?

¿Entende que non lle supoño talento? ¡Ave
Maria de gracia! A cara llo dí, e sin ter nada de
aragonés, sin ser testarudo como aqueles bu-
rros.—dito sea co- a licencia d' o señor alcalde
d' o Carballiño—qu' en tumbándose n- o chau nin
aunque os mallen a paus nin s' erguen nin andan
pr' adiante, teño un pouquichiño d' aquela mu-
ller d' b' conto que non podendo chamarlle ra-
ñento ó seu home, inda metida de cabeza n- o
río, sacou as maus pra fora pra lle acenar c' os
dous dedos grosos, dicíndolle d' aquel xeito o
que a coitada non podía dicirle de palabra, e
inda que me desterren, inda que me fagan cami-
ñar pra outras terras, por lonxe que m' alcontre,
sempre que se me vena ás mentes o conto e
como Dios me conserve as gorkas, terei a humo-
rada de facer ihó, iihó, iihó, pois non me chego
a convencer de que sea inxuria non supoñerle
talento a un alcalde; e moito menos com' o d' o
Carballiño, que si andivo n- a escola foi pouco
tempo; e si deprendeun algo foi namentres andivo
botando remendos, dando puntadas ó ganduxo e
tocando o cornetin en Banga; pero por mais que
así non fora, aunque tivese un título académico,



¿quén lle dixo a ese alcalde qu' estamos obrigados a reconocerlle o talento?

Supoñamos que dise probas de que o tiña, qu' escribise unha Oda á Maripepa, ou un poema ó Macho-campana. Pois a min antoxábaseme dicir, por bós que foran ambos traballos, qu' eran un cen-pês, us enxendros d' unha cabeza sin meolos, e non tiña volta, como non-a tería si non entendendo nin a crave de *sol* se me puña n-a chola dicir que o alcalde d' o Carballiño cando tocaba o cornetín de piston, facialle a un toupar os timpanos e desempedrabas as lousas d' as ruas; como non-a tería si me quixese pór en ridículo, dicindo que Castelar ou calquera d' os xenios d' agora (que non teñen comparanza c' o es-xastre alcalde d' o Carballiño) qu' eran us batos, us homes que nin entendían pizca de gramática, pois n-este caso a opinión d' os demais xa me faría entrar en razón e n-o pecado levaría a penitencia. ¿Qué lle pasou ós que negaron que Canovas ten talento?

Pois non lles pasou nada, anque os maxistrados, xueces, e cantos administran xusticia dispoñen de probas d' abondo pra facer patente o talento d' o presidente d' o Consello de Ministros.

¡Y-o que son as cousas! Por non supoñello a un alcalde d' as trazas d' o do Carballiño, véxome procesado.

¡Eu non sei como non tolea un co-a risa! ¿Si coidará o alcalde d' o Carballiño que ó poñerlle a vara n-a mau lle meteron o talento n-a cabeza? E inda que se fixese tal milagre, en que libro viu escrito que os vellos que xa chochean como a min e que viron rubir e baixar a mais alcaldes que grilos cantan entr' o centeo pol-o vrau, teñan, queiras non queiras, pol-as boas ou pol-as malas, falando c' os veciños ou co-a xusticia, por escrito ou de palabra, que supoñerlle talento a quen-o teña ou deixe de telo?

Pouco traballo me custaría decilo e hastra leimbralo o promeiro e mais xigante talento d' os nosos tempos, pero, ¿a que viña botar unha boubata tan grosa vivindo preto d' o Carballiño, estando á veira d' a sepultura y-en vísporas de dar conta a Dios d' os meus pecados? ¿Pra que espoñerme a que me chamen mintireiro y-a ter que pasar pol-o fume d' o purgatorio pra pargar esta *pecata minuta*?

Agora si se trata de supoñer que sabe cantas chaves ten o cornetín de piston, que conece o pano pol-a fiazas, qu' enfia unha agulla como ninguén, que lle bota unhas palas a us calzós como calquera xastre remendon, que lle pode insinuar a coser en máquina á Maripepa ou a outra

moza d' a vila, que vai matando a praza d' alcalde e outras cousas d' este xeito, estonces ¡acabáramos!! sería outro cantar e chegariámonos á entender.

Pero en tocantes ó talento, teño dito, nin véndome procesado se me pasa pol-a memoria o supoñerllo.

¿Talento o alcalde d' o Carballiño? ¡Vaiche n-a misa en Conxo!

Á GALICIA.

De teus recordos vivo ¡Galicia encantadora!
Por teus anacos morro, idolatrado chan,
onde voou sorrindo d' a miña infancia a aurora,
onde as mais caras prendas que o corazón adora,
o derradeiro sono en paz dormindo están!...

¡Ay! eu tamen quixera dormir n-o teu regazo,
cando pechando os ollos, dixer á o mundo, *adiós!*
para contigo unirme en mais estreito lazo,
n-un empinado outeiro, n-un foxo ou n-un ribazo,
que son para quen morre todol-os sitios bós.

Pintar quixera agora en louniñeiro canto
teus vales e montañas, teus rios e teu mar;
mais describir non podo tan feiticeiro encanto
e as ourentes froes d' o teu precioso manto
e as miñas tristes bágoas podriáanse ourixar.

¡Ay! S' alas eu tivese, traspondo o Guadarrama
e outras altas serras, cal rápido condor,
iría ver, Galicia, teu rico panorama,
teu verde chan florido, que os aires embalsama
e o natal curruncho d' o meu promeiro amor.

Vería d' esa altura teu mar d' azul e prata,
que desde a nobre Asturias á o libre Portugal,
pol-a rachada costa bruando se dilata,
vería o satro Pindo e a grande catarata,
que o Ezaro gomita d' un aito penedal.

D' o opulento Miño a deliciosa orella,
esverdexando en viñas, que é un regalo ver,
as colosales torres d' a augusta Compostela,
e os risoños campos d' o Sar e d' o Sarela,
teatro n-outros tempos d' amores e pracer!...

Teus traxes e costumes n-as populares festas,
bailas, merendas, rufas, n-as horas de calor,
á sombra d' os carballos, ou entre as verdes xestas,
con gaitas e pandeiros e rústicas orquestras
de primitivas eras recordo encantador.

Para que inda enxergo por entre as ramalleiras
travesos estudantes correr e entrelousar,
versos botando e froes ás mozas churrasqueiras,
mentras n-a pobre *ermida* as nais camanduleiras,
por un ou dous ichavos o santo van bicar.

¡Qué terra tan vizosa! ¡Qué pintorescos montes!
¡Qué vales e montañas de máxica ilusion!...
Si derdes algús pasos cambiando d' horizontes;
descúbrense outras veigas, mariñas, rios, fontes,
que ò terno vate infunden subrime inspiracion.

Os soutos e ladeiras, os mais amenos prados,
os álbores e froitas que acá e alá se ven,
parece que están fonchos de verse duplicados,
d' os rios e fontelas n-as aguas retratados,
como un pequeno cróquis d' o venturoso Edén.

Ergue esa altiva testa, Galicia, e nont' engruñes:
d' o teu porvir dourado a estrela vai rayar;
d' asarmase d' as letras tempo é que o cetro empuñes
que a terra onde se crian *Peixóos* e *Mendes Nuñes*,
d' o mundo n-os destinos gran parte ha de tomar.

O tempo s' apresura... Querida pátria, escoita
ese xemido rouco que racha o aire van...
É o vapor que chama con violencia moita
á ese porvir xigante que e' o pasado loita,
e á trasformar s' apresta o teu fecundo chan.

Serán famosas vilas as que hoxe ves aldeas...
A Cruña, Ferrol, Muros e Vigo encantador,
d' a orela d' o teu manto manificas preseas,
serán mais visitadas d' embarcaciós alleas,
d' o que hoxe son Lisboa, Marsella e Nova-York.

Maxínome estar vendo os escumosos mares,
con velas e vapores que cruzan, van e vén,
mentras por entre soutos, debesas e pinares,
a o son de feiticeros e máxicos cantares,
con fouliadas dentro, silbando pasa o tren.

¡Ay cantas veces, cantas, en noites pracenteiras,
a suspirante brisa n-o mar m' arrendeou,
cantando barcarolas con lindas compañeiras,
e desde o ceo a lua n-as ondas bailadeiras
os seus brillantes rayos de prata esnaquizou!!!

Galicia d' a miñ' alma, o corazon ch' adora,
cando n-a escura noite retrina o ruseñol,
cando entre nubes d' ouro sorrindo esperta aurora,
cando o choroso orballo d' as froles s' evapora,
e cando tras os montes n-o mar se chanta o sol.

¡Adios frondosos bosques! Adios frolicos prados,
onde en felices dias corrin e rebuldei!...
Serenas, claras rias, outeiros perfumados,
collede os meus suspiros de bágoas salpicados.
¡Lonxe de vos eu morro!!! ¡Sin vós vivir non sei!

FRANCISCO AÑON.



'O TIO MARCOS D' A PORTELA.

Meu amantiño vello: Seica os microbios lle
puxeron medo, pois n-esta tempada teño per-
guntado por voste á compañeiros e amigos, y-en
ningures me deron razon d' os seus anacos.

Pois élle o caso que com' á min non me poñen
medo, fuulle o derradeiro vinteseite ò Porriño á
ver a romaxe lembrada n-a terriña pol-a d' o
Santo Cristo d' os hovos, romaxe de moito baru-
llo e de moita xente.

Éralle mau de ver n-ela os xastres e zapatei-
ros feitos us señoritos, con moita calea d' ouro
(se volva), sortellas d' o mesmo metal e traxes
finos; prendas que gardan n-a ucha pra se daren
tono poñéndoas un día n-o ano e pol-o xeneral o
d' a festa d' o *Cristo d' os hovos*.

Aquel día non teñen mala fortúa as rapari-
gas, com' eles din, pois non acouban nin deixan
de beilar o agarradiño y-a muñeira.

Cando botaron os foguetes ò aire lucironse as
habilidás d' os fogueteiros d' a vila, que puxeron
unha póla de loureiro á maores d' as moitas que
xa conqueriron, pois de sabido s' esquece o re-
frán que di:

Pra bós fogos o Forriño,
pra boas rapazas a Cruña,
pra bós burros en Castela
e pra marrans Cataluña.

Pois volvendo ò conto, queimáronlle alí dina-
mitas de tres estrondos á leixes, figuras de co-
bras e outras pèzas que si os nosos abós as visen,
farian a sinal d' a cruz e pecharian os ollos,
maxinando qu' eran cousas d' o trasno. As al-
deanas andabanlle a ranxadas com' as anduriñas
cando se xuntan pra nos deixar, con pandeiros e
ferreñas, e faguian unha festa que non habia
mais que ver. Asegúrolle que si s' alcontrara
n-o sitio tira ò aire a monteira e berra canto
pode: ¡Vivan as nenas d' o Porriño! ¡Ay Cerello,
estas sí que son fuliadas!»

Eu estívenlle n-a casa d' un amigo que me
convidou, rapaz que non despreciando é muy
cumprido e agasalleiro, que me fixo vida de
calóndrigo e que ten unha compañeiriña, que
ademais de se poder gabar de ser unha d' as me-
llores cucineiras, é leda n-o trato e compracente
n-o falar; o que se di unha gallega enxebre d' os
nosos tempos, que se piuta sola pra tratar á ve-
lliños como nosoutros.

O día vinteito fumos á eirexa e asistimos á
precesion, que foi tan rechamante como respè-
tosa, entr' outras cousas pol-os anxeños qu'



iban n-o carro trunfal con galas novas, indo ô pé d' eles as naiciñas pra lles dar milindres cando, cicais cansos de semellar o ceo n-a terra, esco-menzaban á poñer mala cara.

Pol-a tarde tocaron as mûsecas, e n-os arredores furrigueaban c' os seus cortexos, fatos de nenhas rebulideiras, namentres as suas nais botaban pol-os ollos vágoas como pelras, entenrecidas de ver ôs seus pimpolos tan divertidas, ou lembrándose de qu' elas fixeran o mesmo n-ou-tros tempos que xa se foron pra non volver.

Cuncas de viño e roscaas d' o Ribeiro pra tapal-a boca, corrian de mau en mau n-os turreiros.

Un labrego botándoas de rumboso a conta de vinte reás que pidira empréstados n-a vispora, non folgaba de carrexar en xerras que levaban tres netos pol-a curta, e todo repantregado c' unha faixa roxa que lle cobria o bandullo, e c' un chapeo n-a cabeza d' a feitura d' un cesto, decia: «¡beban barao; que hoxe é festa, e cando é festa... é festa!»

Así por este xeito estáballe animada a vila d' o Porriño.

Pol-a noite houbo dous bailes: un pr' as señoritas, e outro pra forricaxe miuda, como diria un xeneral portugués si s'alcontrase n-o sitio. Pol-o que vin, o beillar cústalle o seu traballo: pois mozos e mozas dempois de botar unhas beilotadas, suaban tanto com' os labregos suamos ô andar un dia enteiro n-a sacha d' as patacas.

A ruada acabouse en paz e sin incomenencias pra todos menos pra miu, que botei de ver a qreba d' a folla d' o meu estoque, feito que ten a sua gracia.

O meu pousadeiro, ergueuse o dia vinteoito mais cedo que de costume pra buscar un galo que se ll' escapara á muller n-a vispora. Inda non ben saíu á porta, oubiuno cantar preto. «¿Qué fai? vólvese de súpito, entra, colle o meu caxato e correndo com' unha lebre, sai de novo pra fora en procura d' o animal, como si saise desafiado, e non ben lle botou o ollo cando turrón pol-o estoque, tirouse á fondo sobre d' o galo como si se botase á un touro, e... ¡quen-o collera! o galó fuxiu y-o estoque parteuse de medio á medio en dous anacos.

O bô d' o home véndose bulrado volvoouse pr' a casa dicindo: «¡Si non fuxes... atravésote!»

¡A conta vai boa! Si matase á un galo d' unha estocada poidérase decir qu' inda era mellor espada que Lagartixo.

O dia vintenove, os que tíñamos lonxe d' o Porriño as nosas chouzas, procuramos pornos en viaxe pol-o camino de ferro hastra Tuy, e c' o gallo ademais de ver o ponte internacional d' o Miño, gamiñamos car' aló; mais inda non chegamos ô medio d' a ponte cando escoitamos un *¡alto lá!* dito pol-os d' o cordon sanitario portugués, que c' o fusil n-a falsa están sempre dispostos á ter conta que pr' alá non pasen os microbios, presentando cara fera, e facendolle ô inimigo carranca.

Enteirados d' as intencións d' os fusileiros d' o veciño reino, dimos a volta de prêsa. Tomamos un taco n-a fonda d' o Parada e collimos os tale-

cos pra seguir o viaxe, e así fóronse pasando dias hastra que dimos c' os nosos corpos en Arbo.

Este punto vaise facendo cada vez mais lembrado pol-as moitas pesqueiras que se gobernan e pol-as moitas lampreas que se collen, comen e venden, e sobre todo por unha sociedade que fai pouco estabreceron ali.

Non poiden saber o nome que lle diron, pois andan con moitos misterios pol-a mor de que non chegue a sabelo o vello d' a Porteta, e soílo por un buraco que fixen n-o tellado poiden escoitar a primeira sesion d' o seis d' o corrente que foi d' esta sorte:

«Dixo unha voz: «O señor presidente que teña a bondá de nos espicar o que hay acordado respecto d' a nosa xunta, porque quero sabel-o que s' acorda.» Pol-o que puden calcular era o presidente un endeviduo de poucas trazas, pero segun teño entendido de muy boas intencións, como se comprende pol-o seu modo de falar.

—Teño que por en conocimiento d' a xunta que estamos n-o tempo d' as landras, que teño traballado moito pra que s' axustase unha tapada, meterse drento, engrosar e criar peito pra correr c' os microbios. Pero pol-o que vexo todos descoidan este principio e todol-os dias estou oubindo que entran n-a tapada de fulano, que entran n-a de mengano, com' o outro dia eiquí o señor que rompeu a pexa e entrou por Arbo como Periquito pol-a sua casa. Estes abusos hay que correx los, e pra eso acordei mercar este chocallo. (E alargando o brazo enseñou un chocallo, d' eses que levan as bestas d' os arrieiros.) E continuou preguntando «Digan vostés ¿a quen se lle pon?»

—O Xil, dixo un.

—E rapaz muy novo e vay faguer o demo, dixo outro.

—O Lourido, dixo un terceiro.

—¿E logo quen leva a vara sendo él o director e ademais becho muy asustadizo? E millor levalo a cabeza, e pr' o chocallo ninguen millor c' o coxo que pouco lle custa arrulalo, pois é cousa acabada pr' o seu modo d' andar.

—Ben, pois quedamos n-eso e non sea conto que haxa algun estrevido que llo vaya contar ô d' a Porteta, qu' é home d' os demos, e si o sabe, é capaz de poñelo en letras de molde, como fixo c' o conto d' a lamprea de marras. Era o que faltaba, que o d' a Porteta soupese qu' habia récoa en Arbo, e que era o d' o chocallo o coxo d' Arbo, o dono d' a sala de sesiôs d' a nosa sociedadá.»

Non puden oubir mais d' o que ali faloron e levantaron auta; perodempois dixenlle ô Lourido, págalle outro trimestre ô Marcos, e contalle algo d' esa sociedadá, sinon dígolle que t' abra-se.

Meu amigo fora medos a microbios e salla por ehi a dar unha volta que vale a pena. Pr' o namentres amiguíño que haxa saudíña; garde ben a pinga hastra que ll' a vaya probar, e vexa en que lle pode ser bô o seu amigo

LOURENZO.

Airexa vella Outubro 10 de 1884.

¡XA!... ¡XA!... ¡XA!...

O gobernador d' Ourense
que se lembra Bugallal,
sendo en Pontareas notario
non deixa de gobernar:
anda a elas c' os alcaldes
que afeito a contra lle fan
n-o tempo d' as eleccións
a Cortes e provincias;
ós sagastinos non pode
xiquera vèlos medrar
e túrralles pol-a corda
cal se turra d' un ronzal;
os conservadores cuase
que atontecidos están,
ô ver que fai e non fala
o señor de Bugallal,
y-us murmuran, outros rosman,
aqueles a patexar.

estos a pedir xusticia,
y os outros de mais alá
arremexendo n-as trecolas
d' a política rural,
arman unha Babilonia
y-us belés n-esta cibdá,
n-as aldeas, e n-as vilas,
y-en cantos lugares hay,
que oyen n-a provincia os xordos
e saben os nenos xa;
mais pra min que son can vello
y-en política un truan,
que brancos, negros e roxós
non me poden enganar,
pois sou turcos e non creo
n-o que din nin n-o que fan,
estes barullos non pasan
de música celestial:

¿Eu meterme n' eses lios?

¡Xá!... ¡xá!... ¡xá!...

Fai ben en ir arranxando
o señor de Bugallal
a notaria, o goberno
e si poidera... inda mais,
pois están os tempos malos
e caro véndese o pan,
y-anque soilo come a boca
y-o comer non é chorar,
como unha nube de fume
as cadelinas se van,
que n-este mundo cativo
vólvese todo gastar.
¿Que ten dous cargos? millor
pra eso n-o poleiro está,
e cando a falar lle cheguen,
pois e cousa de falar,
n-o Parlamento e n-a prensa
d' a *incompatibiliá*,
debe escoitar o que digan
cal si ladrasen os cas.
(escuso d' aconsellarlo,
que abofellas ben-o fai),
pois home que ten dous cargos

non peca de nugallan,
y-a boca chea ben pode
decirnos que por dous val;
ademais pra ter un solo
outros tempos lle virán,
que non sempre a recolleita
todol-os meses se fai,
pois si é viño, a que maduren
as uvas hay que agardar,
e si centeo a que pasen
os calores de San Xoan;
fora bobo que deixase
n-esta España de Pidal
de comer a dous carrillos,
de coller o que lle dan.
O tempo d' os pipiolo
xa pasou que tempos fai,
non estamos por escrúpulos
n-este sigro liberal:
as leises e regramentos
faránse pra quen se fan,
pero pr' os homes que mandan,
pr' os que n-o mundo oficial
teñen influencia, viso,
perendengues e inda mais?
Como que non son labregos
nin paganos n-o pagar,
nin n-a política naides,
nin miocas n-a sociedade,
pra eses non ven ô caso
eses preceutos gardar,
ríxense por outros libros,
por outros camiños van...

¿Ser eles como nosoutros?

¡Xá!... ¡xá!... ¡xá!...

Que pol-a mor d' a política
ven a Ourense gobernar,
que n-o goberno a disgusto
porque llo mandan está,
que s' irá pra Pontareas
pra seguir sendo curial
dinantes que as Cortes abran,
e dinantes que a falar
volvan outros deputados
d' a *incompatibiliá*;
que pensa en que s' acabou
aquele *prazo prudencial*
que o de Gracia e de Xusticia
lle deu aló pol-o vran,
que se coida d' o que pasa
n-as vilas e n-a cibdá,
que trata d' o mesmo xeito
e sempre por un igual,
ós que se chaman amigos
com' os que son liberás,
eso pra min non vos pasa
de música celestial,
nin outro ereto lle dou
que o que ô vento se lle dá,
pois inda que calo, sei
a difrencia que vos hay
entre decir unha cousa
ou facela sin falar.
¡Cair eu de pito agora!

¡Xá!... ¡xá!... ¡xá!...

O alcalde d' o Carballiño véuse de min a qrellar, e procesoume o Xuzgado, porque como moitos mais non lle supuxen talento por ser soilo autoridá; conozo que son un bato que non sei soletrear, nin n-a cencia, nin n-o arte; pero con ser tan patan, con non estar que digamos muy forte n-o be a ba d' a nova filosefia dende Balmes hastra Can, por estas cruces que poño xuro qu' inda sei eu mais e' os ollos á pita cega e co-as maus postas atrás, que o alcalde d' o Carballiño n-o sillón municipal con antiollos d' aumento e vinte libros n-as mans; agora si se tratase d' algunha agulla enfiar, de tocar n-o cornetin a muñeira ou o *can-can*, d' asentar unhas custuras ou d' unhas puntadas dar, de poñer novo un chaleque ou darlle un surcido a un frac, de vir ós gobernadores agasalleiro saudar, sempre que se pon un novo n-o canto d' o que se vai, de ganar as eleuciós pol-o sistema rural, estonces sí que me gana y-eu pra él son un rapaz, un pequerrecho de teta, un bagullo n-un lagar. A denuncia vai adiante, a gayola armada está, mais namentres que haxa Audencia pra me soster com' os mais n-os dereitos que m' asisten pra que podia censurar ós que pensan que son sábios por seren autoridá, namentres que outras non faga e non sea criminal, por denuncias e procesos nin un pito se me dá, porque durmo esas angueiras e dúrmoas hastra roncar, ¿A min quitárenme o sono sendo d' esa cualidá, d' esas que lle dan a curia mais que facer que cobrar? ¿Ter medo habendo xusticia?

¡Xá!... ¡xá!... ¡xá!...



Estando n-unha boda en Barcelona botaron de menos algús convidados a novia e foron a busca-la, mais non deron co-ela porque fuxira pra non volver.

Cando soupo a noticia un casado vello, dixo: «Si total-as mulleres fixeran o mesmo, xuncras leve si non era cousa de tomar á groma os casamentos: eu por mais que fai vinte anos qu' estou botando a muller fora d' a casa, non se vai.»

E añadeu un viudo: «En troques a miña, foise de vez dempois de me deixar sete fillos.»

E reprecou un solteiron: «Xa vexo que non vou fora de camiño: eu pra que non veñan nin se me vayan, precurarei sempre fuxir d' elas.»

Non sei que xuncras pensaria o marido bulrado.

Eu penso que lle caíu o premio maor d' a lotería d' a Noite Boa.

Un d' os ditos porque mais pra min s' anoxou o alcalde d' o Carballiño, foi aquilo de *figa d' a corporacion*.

O Dicionario gallego castelao, di: FIGA: figura d' un puño d' azabache, sacando a punta d' o dedo pulgar por entre os dous que siguen. || Caste d' amuleto supersticioso que usaban os xentiles pra se librar d' o mal de ollo.

¿Anoxouse o señor alcalde porque ó tivesen por amuleto?

¿Nin que *amuleto* quixese decir mulo pequeno!

Pra esto ven como de molde un conto ó caso:

Alá pol-o ano de mil oitocentos vinte era gobernador militar de Pontevedra o baron de Casa-Goda.

Un veciño d' o auntamento de Catoira que tiña o fillo mais vello n-o servico d' o rey, cobizoso de que o soldado pasase a Noite-Boa n-a sua compañía, foi á pè feito á Pontevedra á *meter unha instancia* ó señor gobernador militar pra que lle dese licencia.

Tres dias dempois volveu pra saber o resultado. Presentouse n-a sacretaría d' o Goberno militar, e devolvéronlle a instancia dicíndolle que n-ela iba posta a contesta. Púxose os antiollos, pois xa tiña a vista cansa, y-escomezou a soletrear.

«Non hay lugar ó solicitado», y-acabou por leer a firma d' o decreto: «Casa-Goda.»

A tal ver, o labrego alritouse de mala maneira, e cuase que renegando saíuse pra fora dicindo: «¡Puñesflas e como nos tratan os que gobernan! Non abundaba que me negase a licencia pr' o fillo, sinon qu' era preciso que m' aldraxase decíndome o que non se lle dí á ningun home. ¡O que á min me pasa ten que lle digan! Primeiro

négame a licencia e pra maor bulra pon dempois «Casa-Goda» ¡Casa-Goda!... ¡Casa-Goda!... ¡¡¡Casa-goda éll!!»



Pol-as noticias que vou recollendo saco en limpo que si lle peta ô noso gobernador organizar unha murga composta d' alcaldes que foron músecos n-outros tempos, saí co a sua e sin levar moito traballo.

Pol-o menos duas promeiras partes non-aten lonxe. O alcalde d' o Carballiño tocou o cornetin de piston y o de Nogueira de Ramoin o clarinete.

Con botar mau d' un baixo, d' un bombardino, d' un requinto e d' un cornetin segundo, murga feita.

O baixo non faltarán n-a provincia alcaldes que o toquen; requintos hainos tamén, de bombardinos poden facer algúis Bernardinos, e segundos cornetís, segun teño deprendido, non deixa d' habelos. Temos o que se di canto é necesario pra organizar unha murga oficial d' as enxebres, pois anque os músecos vellos acostuman á perdel-o compás, levando a batuta o señor Bugallal non hay medo á que desafine, pol o menos n-os papés d' a *múseca conservadora*.

D' o bombo e d' os pratillos non hay pra que se coidar. ¿Qué alcalde d' os nosos tempos non gasta de chin, chin, e que cacique d' aldea non sabe manexar a maza d' o bombo?

Non deben ir por este camiño as aficiós d' os adouradores de Cánovas, nin n-o cerebro d' o señor gobernador debe bulir a idea d' a creacion d' unha múseca oficial, cando lonxe de se dedicar ô solfeo os alcaldes que foron músecos, trocan d' oficio e collen por outras congostras de mais proveito.

Mais como si *estivese escrito* non poden trocar d' estado sin dar dinantes unha campanada, sin facer unha d' esas andrómenas que diron en chamar alcaldadas.

Poñamos por caso que o alcalde de Nogueira tivo mentres de se dedicar ôs estudos d' astronomia e como un alcalde conservador non está n-o caso de ser un astrónomo de tres ô carto, e como pol-a contra cuase que ten a obrigacion de dar os primeiros pasos n-a carreira, descubriendo algo novo, inda non ben lle votou a mau ô telescopio, cando se puxo a mirar a fito car-a unha Estrela sin rabo que brillaba n-o campo d' as Mercedes.

A tal Estrela tiña duas órbitas ¡cousa rara en astronomia! En-a escala d' o Zodiaco ¡outra rareza! ô parecer alcontrábase entre Géminis e Tauro. Mais socedeu qu' estando n-o mellor d' a observacion, antoxóselle aun que desde naceu se fai o bobo, que a Estrela se nubrara pol-a causa d' o antiollo d' o astrónomo e feito un cadelo botouse por esas ruas en busca de dous gardas municipás e c' o pensamento de darlle que sentir pol-o feito.

O escándalo foi un verdadeiro catacrismo. Saíron rayos e centellas y-unha chuvia de xuramentos pol-a boca d' o anti-astrónomo, que xa

lles quedou que falar por moito tempo d' a treboada ôs veciños d' a rua de S. Francisco.

¡Que non pasaria si a Estrela saise con rabo! Arrepíanseme as carnes con pensalo.

Eso é pra que se metan a astrónomos os que teñen as maus afeitas a tocar o crarinete.



CORREO D' O TIO MARCOS.

D. P. P., Caldas de Reis.—Recibín seis réas en sellos pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' este ano.

D. M. M., Carballiño.—O mesmo.

D. M. A. R., Monforte.—O mesmo.

D. C. B. L., Villar de Barrio.—Recibín seis réas pol-a sua suscripcion hastra fin de ano.

D. T. P., Tuy.—O mesmo.

D. M. L.—Recibín seis réas pol-a sua suscripcion hastra fin de Novembre.

D. N. V. S., Cañiza.—Recibín duas pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' este ano.

D. N. B., Brion—Anxeles.—Recibín nove réas en sellos, tres pol-os piques que faltaban d' a suscripcion de D. X. B. d' Habana, e seis pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' este ano.

D. F. X. P., Guardia—Oya.—O seu amigo D. M. L. d' a Guardia mandou tres pesetas en sellos pol-a suscripcion de vosté hastr' o 30 de Marzo d' o ano que ven.

D. M. P. A., Carballiño.—Recibin unha libranza de seis pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros de Mayo d' o ano que ven.

D. M. L. P., Mondoñedo.—Recibin seis réas en sellos pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' este ano. Pol-o correo vanlle os libriños de versos gallegos que pide.

D. A. C. M., Cangas.—Recibiuse a libranza de tres pesetas que vosté mandou. Xa se dera o aviso d' ela solo que se padecera o erro de poñer Bouzas por Cangas. Co-este parrafeo van os que non recibiu.

D. X. G. V., Dozon.—Recibin seis réas en sellos pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' este ano.

D. L. L. S., Santiago.—Recibin unha libranza de sete pesetas pol-a colleccion d' os parrafeos atrasados e pol-a suscripcion hastra fin d' este ano.

A colleccion debeuna recibir porque se lle mandou certificada.

IMPRESA D' O ECO D' OURENSE.

Alba, 15, brión.



O TIO MARCOS D' A PORTELA

PARRAFEOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todol-os domingos en oito páxinas en fólío, contendo artigos de costumes, poesias, efemérides, cantares e contos d' o pais gallego.

SUSCRICION

Seis réas cada tres meses.

ADMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscriçions é por adiantado.—Os números soltos véndense á dez centimos de peseta.
— Os pagos faranse en sellos ou letras d' o xiro.

A LUZ UNIVERSAL

TALLER DE FOTOGRAFIA, FOTOTIPIA E FOTO-
LITOGRAFIA DE

F. PRIETO

Rua de Pelayo, n.º 20, 3.º, Ourense.

N-este establecemento fanse retratos, grupos, vistas e ampliacións, por todol-os procedementos e dende o tamaño microscópico ó de tres metros.

D' este xeito, o que cobice ter un bô retrato, véxase c' o dono d' esta fotografía,

20—Pelayo—20, 3.º

Galería com' as de Madril, con mais de tres anos de creto e residencia fixa.

Acodíy á retratarvos vellos, rapazas e mozos, pois por muy pouco diñeiro, o mesmo que sondeis, postos sairendes n-unha tarxeta de sorte que digan todos, que os vellos son campechanos, muy churrosqueirol-os mozos, y-as nenas tan xeitosiñas n-as cariñas e n-os corpos, que son de ter merecentes á parexiñas os noibos.

GALZADO

O zapateiro Garcia ten n-a sua zapateria, com' é natural, zapatos que non s' atopan n-o dia tan feitiños e baratos.

Aproveitande a ocasion os que tendo ou sin ter rendas calzades n-a pobracion: está n-a rua d' as Tendas, praza d' a Constitucion.

CONFITERIA.

—Pr' adozar o mais que podó as amarguras d' a vida, cando teño forro un peso, vou gastalo á dulceria.

—¿A d' o Lis?

—Non tan alá.

—¿A d' o Brasa?

—Mais enriba.

—¿N-aquela qu' está ond' estivo o comercio d' a Gallipa?

—N-a mesma, Bastian, n-a mesma, n-a mesma confitería qu' o Valcárcel d' Allariz estabreceuche n-a esquina d' a rua Tetuan por baixo, d' a Fonte Nova por riba.